

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO PARA O PROXECTO DE MELLORAS NO PARQUE INFANTIL DA ZONA TURÍSTICA DO PARQUE NÁUTICO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Castrelo de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Castrelo para o proxecto de melloras no parque infantil da zona turística do Parque Náutico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- O Concello de Castrelo de Miño pretende levar a cabo as actuacións necesarias para remodelar e mellorar o parque infantil da zona turística do Parque Náutico de Galicia, ao obxecto de diversificar e complementar a oferta turística, especialmente para as familias con nenos, que tenderán a prolongar a súa permanencia neste destino que ofrece actividades para todas as idades, polo que repercute positivamente na economía local.

O Concello de Castrelo de Miño é ben coñecido a nivel turístico debido á explotación do encoro como Parque Náutico, que é considerado a día de hoxe unha referencia no interior de Galicia para a práctica de deportes náuticos. Conta cun Club Náutico con escola para deportes náuticos, como vela, remo e piragüismo, así como cunha área recreativa con piscina, pista de baloncesto e pantaláns para o baño no encoro, embarcacións para o seu alugueiro, e realízanse outras actividades turístico-recreativas, como son concertos, observación de estrelas e feiras gastronómica no restaurante do parque.

Tamén é moi importante para este municipio a produción de viño de Ribeiro, que ademais de ser fundamental na economía dos seus habitantes, supón un gran atractivo turístico. O último domingo de cada mes celébrase unha feira enoturística, na que participa unha gran cantidade de adegas e colleiteiros, formando parte do Ruta do Viño de Ribeiro.

Outro importante atractivo turístico é o Patrimonio Cultural de enorme valor que posúe este municipio, entre o que destacan as igrexas de Santa María de Astariz, Santa María de Prado, Santa María de Castrelo de Miño e Santo Estevo de Ponte Castrelo, restos do Castro de Santa Lucía e innumerables cruceiros, fontes-lavadoiro, fornos tradicionais, hórreos e outros elementos etnográficos e históricos.

Complementando os referidos atractivos turísticos da zona, un parque infantil contribúe de forma significativa ao fortalecemento da oferta recreativa e atractivo xeral do destino turístico. O turismo familiar representa un segmento no crecemento dentro do mercado turístico, e a dispoñibilidade de espazos seguros, accesibles e de calidade para o lecer infantil, polo que resulta un factor moi importante á hora de elixir un destino turístico.



Na área do Parque Náutico existe un parque infantil, pero está anticuado e moi deteriorado. É fundamental remodelalo, modernizándoo e integrándoo á contorna natural no que se atopa. O novo parque infantil achegará valor engadido a esta zona turística do Parque Náutico de Galicia, mediante os seguintes efectos:

- Diversificación da oferta turística: Complementa os recursos turísticos tradicionais (natureza, patrimonio, gastronomía, aloxamento, etc) cunha infraestrutura lúdica que amplía as posibilidades de lecer, especialmente para as familias con nenos.
- Incremento do tempo de estancia e gasto medio por visitante: as familias tenden a prolongar a súa permanencia en destinos que ofrecen actividades para todas as idades, polo que repercute positivamente na economía local (restauración, comercio, aloxamento,...).
- Mellora da imaxe e competitividade do destino: Unha contorna urbana coidada, con espazos de xogo inclusivos, sostibles e esteticamente integrados, reforza a percepción de calidade do destino e posiciónao como un lugar amable e familiar.
- Dinamización da contorna: O parque converterase nun punto de encontro tanto para turistas como para residentes, promovendo a convivencia, a actividade social e a vitalidade da zona.
- Sustentabilidade e benestar: Ao fomentar o xogo ao aire libre, o contacto coa natureza e a actividade física, o proxecto contribúe a un turismo máis sostible e saudable, aliñado coas tendencias actuais de turismo responsable e de benestar.

Terceiro.- As obras previstas son as descritas a continuación.

Comezarase co demolición e retirada á entulleira do conxunto multixogos infantís existente, xa que se atopan en mal estado e presentan superficies abrasivas, con achas que se cravan. Ademais é moi voluminoso, cando o idóneo son elementos máis lixeiros que non destaquen tanto e non sexan tan invasivos visualmente.

A randeeira e xogo de peirao atópanse en bo estado, polo que se desmontarán e colocarán posteriormente cunha nova ancoraxe para chan brando, tal como indican as instrucións do fabricante.



A continuación, procederáse á demolición do pavimento elástico e a soleira de formigón onde está fixado. O novo chan absorbedor de impactos será de area, que ten a vantaxe de no ser agresivo visualmente nesta contorna natural e permite a infiltración da auga de choiva no terreo, sen dar lugar a escorrentías e enchoupamentos.

Escavarase a área da zona de xogos ata unha profundidade mínima de 30-35 cm. Unha vez limpa e nivelada a superficie da área, colocarase no fondo un xeotextil de 500 gr/m² e encherase, estenderase e compactarase unha capa de 30 cm de area de río cribada, lavada e certificada, de granulometría 0 a 6 mm, que servirá de superficie antiimpactos da área de xogos, en cumprimento da Norma Europea EN 1177:88.

Na área de xogos remodelada instalarase un conxunto multixogos tipo Modus L, para idade recomendada +3 anos e un balancín infantil tipo Gus de Benito, para idade recomendada de +1 ano. Tanto a randeeira dobre coma o xogo de peirao existentes volveranse a colocar nos seus emprazamentos actuais con zapatas de formigón en masa.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

